



TERCEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL E O GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL “ASOCIACIÓN
GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL VALDEORRAS”, PARA A APLICACIÓN DUNHA
ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL NA MEDIDA LEADER DE GALICIA,
COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER)
NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020, EN RELACIÓN Á ANUALIDADE 2024.

En Santiago de Compostela,

R E U N I O D O S

Dunha parte, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia), representada por don José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia e polo que se nomea, polo tanto, o titular da Consellería de Medio Rural e, por razón do seu cargo, presidente da Axencia, con facultades para formalizar este convenio, en virtude do artigo 8 do Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Axencia.

E doutra parte, o Grupo de Desenvolvimento Rural “Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Valdeorras” (en adiante, o GDR), con sede en Praza Ramón Otero Pedrayo, 11. Viloiria, O Barco de Valdeorras e con número de identificación fiscal G32390361, representado por dona María Carmen González Quintela, nomeada por acordo da asemblea xeral celebrada o 5 de xullo de 2022 e facultada para a sinatura deste convenio polo artigo 18 dos seus estatutos.





EXPOÑEN

Primeiro.- O 13 de decembro de 2016 as dúas partes asinaron un convenio de colaboración para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida Leader de Galicia, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 (PDR de Galicia 2014-2020).

O citado convenio ten por obxecto establecer as regras que deberán aplicar as partes na xestión da estratexia de desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección da Axencia do 16 de novembro de 2016 e, en particular, as funcións e obrigas que asume o GDR como entidade colaboradora da Axencia de acordo co artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no marco das funcións xerais previstas no apartado 2 da epígrafe III (grupos de desenvolvemento rural) das bases reguladoras aprobadas o 10 de febreiro de 2016 polo Consello de Dirección da Axencia, en relación coa xestión das subvencións que vaian a percibir terceiros beneficiarios da submedida 19.2: "apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo".

Por outra parte, este convenio regula tamén as obrigas que asume o GDR na súa condición de beneficiario da subvención, nos termos previstos no artigo 8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respecto dos fondos públicos vinculados á submedida 19.4: "custos correntes e animación e promoción territorial".

Segundo.- En vista da elevada execución que en decembro da anualidade 2020 levaba acumulada a medida Leader no contexto do PDR de Galicia 2014-20, preveuse a continuidade da execución das estratexias durante as anualidades 2021 e 2022, mediante a asignación adicional de fondos á submedida 19.2 (implementación de operacións conforme ás estratexias de desenvolvemento rural), o cal permitiu continuar coa implementación das estratexias nos distintos territorios mediante a selección de novos proxectos, que contribuíron a acadar un maior grado de desenvolvemento das áreas rurais.

En coherencia co anterior, considerouse indispensable ampliar, mediante unha addenda ao convenio de colaboración inicial, asinada entre as dúas partes en decembro de 2020, a



senda orzamentaria prevista para a medida 19.4 (custes correntes e animación e promoción territorial), coa finalidade de dotar da necesaria cobertura financeira ás estruturas dos GDR que, na súa condición de entidades colaboradoras da Administración na implementación das estratexias de desenvolvemento local deseñadas por cada GDR para o seu territorio, deben dispor dos medios humanos e materiais necesarios para desempeñar as súas funcións de dinamización territorial para a captación de novos proxectos que contribúan a acadar as metas marcadas en cada unha das citadas estratexias.

Ao sinalado nos parágrafos anteriores engadiuse a necesidade de que os GDR participantes en proxectos de cooperación ao abeiro da primeira convocatoria correspondente á medida 19.3 (cooperación Leader) garantiran a correcta realización e xustificación dos proxectos presentados, que nese intre estaba en fase de execución.

Terceiro.- En vista da dispoñibilidade de novos fondos para a medida Leader, preveuse a continuidade da execución das estratexias durante, polo menos, a anualidade 2023, mediante a asignación adicional de fondos á submedida 19.2 (implementación de operacións conforme ás estratexias de desenvolvemento rural). Por este motivo, tamén se considerou indispensable ampliar, mediante a sinatura dunha segunda addenda ao convenio de colaboración inicial, os fondos destinados á medida 19.4 (custes correntes e animación e promoción territorial), coa finalidade de dotar da necesaria cobertura financeira ás estruturas dos GDR, durante a citada anualidade 2023, tendo en conta tamén a participación dos GDR en proxectos de cooperación seleccionados a través da convocatoria 2022-23, que entón estaban en curso de execución. A citada addenda asinouse o 12 de decembro de 2022.

Cuarto.- Para o ano 2024 tamén están asignados fondos para a submedida 19.2 (implementación de operacións conforme ás estratexias de desenvolvemento rural) do programa Leader, no marco da convocatoria para os anos 2023 e 2024, actualmente en fase de desenvolvemento, na que o crédito se distribúe do seguinte xeito: 3.056.886,80 € para 2023 e 12.227.547,20 € para 2024.

Os GDR teñen cubertas as necesidades de financiamento das súas estruturas durante o ano 2023 en virtude da addenda asinada o 12 de decembro de 2022, pero non as do ano 2024, a pesar da citada previsión de gasto para ese ano na submedida 19.2 do programa Leader, ao que hai que engadir outros 4.419.068,80 € no orzamento previsto para esa mesma finalidade no proxecto de orzamentos da Axencia para 2024.



Por outra parte, non debe esquecerse a importancia do mantemento no territorio das estruturas que supoñen os GDR, de cara a unha continuidade nas diferentes actuacións que no ámbito do desenvolvemento rural e da mellora da calidade de vida dos seus territorios veñen levando a cabo estas entidades asociativas.

En consecuencia, considérase indispensable dotar aos GDR, mediante a sinatura dunha terceira addenda ao convenio de colaboración inicial, da cobertura financeira para que durante o ano 2024 dispoñan dos medios humanos e materiais necesarios para desempeñar as súas funcións.

Quinto.- A cláusula décimo oitava do convenio prevé que este pode modificarse, ben por iniciativa propia da Axencia ou ben por petición motivada do GDR, mediante a subscrpción da correspondente addenda, logo dos correspondentes informes e autorizacións preceptivas.

Sexto.- As partes, conscientes da conveniencia de estender a execución da medida 19 (Leader) do PDR de Galicia 2014-2020 para o ano 2024 polas razóns sinaladas no expositivo cuarto, acordan esta addenda de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- Modificación da cláusula décima.- Dotación financeira para a submedida 19.4: "Custes correntes e animación e promoción territorial". A cláusula décima queda redactada como segue:

1. Como beneficiario da subvención, a dotación financeira prevista e a súa distribución por anualidades dos gastos en custes correntes e animación e promoción territorial contemplada neste convenio é a seguinte:

Anualidade	Gastos en custes correntes e animación
2016	0
2017	202.063,22€



2018	202.063,22€
2019	202.063,22€
2020	202.063,22€
2021	159.169,86€
2022	159.169,86€
2023	202.063,22€
2024	95.581,36€

2. O gasto público total dedicado aos gastos correntes (19.4.A) e á animación (19.4.B) non poderá superar en ningún caso o 25% do gasto público total en que se incorra no marco da estratexia de desenvolvemento local.

3. Correspóndelle á Axencia a autorización anual do orzamento máximo que disporá o GDR para os seus gastos en custes correntes e de animación e promoción territorial.

Segunda. Vixencia da addenda.

A vixencia desta addenda iniciase o día da súa sinatura e producirá efecto conforme ao previsto na cláusula segunda do convenio, se ben os seus efectos económicos produciranse en relación ao exercicio orzamentario de 2024.

O presidente da Axencia e

Conselleiro do Medio Rural

José González Vázquez

A presidenta do GDR

María Carmen González Quintela